

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Xosé Feixó Cid: Gramática da lingua galega

A gramática de todos

Gramática da lingua galega. Síntese práctica

Xosé Feixó Cid

Xerais, Vigo, 2004. 253 páxs., 21 

A *Gramática da lingua galega* que acaba de publicar Xerais, obra de Xosé Feixó Cid é, paradoxalmente, algo do que había unha absoluta necesidade no galego, por inexistente: unha gramática pensada e escrita para usuarios do galego (profesores, xornalistas, actores e actrices, en definitiva os profesionais da lingua) e non só para filólogos ou profesores de galego de ensino medio e universitario. Por outra banda, é o primeiro manual que admite, segue e acepta explicitamente a autoridade única da RAG en cuestións normativas, de acordo coa vixente Lei de Normalización Lingüística. Xa que logo, é unha obra que ten que estar nos andeis da nosa biblioteca particular.

- 20:03 22/11/2004

Tamén é de agradecer o prólogo. Fronte aos prólogos de tantos dicionarios, gramáticas e obras filolóxicas galegas en que os propios autores ou o prologuista amigo e compañeiro de traballo, ou *pope* que non leu realmente a obra que prologa, afirma que estamos ante unha *obra fundamental da lingüística galega, un fito da filoloxía*, etc., o autor sinala que o seu libro só é unha síntese de gramática galega elaborada de acordo coas propostas normativas da RAG, divulgativa e que mesmo aceptará as suxestións sobre erros ou melloras que poidan facerlle os usuarios. ¡Incrible no mundo da autocompracente filoloxía galega!

Entre os méritos da obra cómpre sinalar que ofrece toda a información gramatical útil que lles cómpre aos citados profesionais da palabra. Sen meterse en discusións normativas, explica o que é o estándar galego fixado pola Real Academia Galega, ata o de hoxe a través das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (2003) e do *Diccionario da Real Academia Galega* (1997).

Acerto moi grande da obra son as definicións que con claridade meridiana fai dos conceptos gramaticais básicos (palabra, sintagma, enunciado, oración, determinante, etc.). Moitas veces estas definicións aparecen entre parénteses e coma quen non quere a cousa, dentro da *humildade franciscana* que presenta a obra, tan difícil de atopar na filoloxía galega. Así mesmo resulta moi adecuada a referencia ás diverxencias da terminoloxía gramatical (aclara que o que nunha escola é complemento directo, noutra pode ser obxecto directo e nunha terceira implemento).

Falabamos ao principio de que é unha gramática pensada non só para filólogos profesionais, pero que estes deben coñecer e manexar. Non obstante non se pense que esta gramática ofrece menos información útil ca as outras dúas gramáticas galegas que hoxe podemos atopar no mercado, a de Freixeiro Mato e a de Álvarez Blanco / Xove Fernández, consideradas cremos que impropriamente universitarias, aínda que non sexa este o lugar de discutir ou carácter universitario ou non destas dúas obras. A gramática de Feixó agora editada por Xerais ofrece, como ben sinala o subtítulo, de forma sintética a mesma información practicamente ca as dúas gramáticas anteriormente citadas, pero en moitas menos follas, pois prescinde das digresións, ao noso xuízo innecesarias, das anteriores, que moitas veces, no caso da de Álvarez/Xove só son vulgarización mal asimilada das teorías lingüísticas contidas na gramática do castelán dirixida por Bosque e Demonte, e na de Freixeiro, defensa dos postulados da chamada normativa ou gramática "de mínimos". Xa que logo, o comprador que non sexa filólogo profesional, ante a dúbida de que gramática mercar das tres existentes nestes momentos nas librarías non debe ter dúbidas: a de Feixó, pois ofrece practicamente a mesma información, de forma sintética, moito máis pedagogicamente, con mellor deseño editorial e ademais adaptada á reforma da normativa, cousa que non fan as outras dúas. O filólogo, o interesado na polémica ILG-mínimos, o que queira saber das diferenzas entre as dúas escolas lingüísticas que hoxe ocupan máis espazo nas universidades galegas debe, claro está, dispoñer das gramáticas de Freixeiro e Álvarez/Xove. Mais, repetimos, o que só queira saber como é hoxe por hoxe o estándar galego, vai bastante mellor servido coa gramática de Feixó, que por certo resulta máis barata ca as súas semellantes da lingua castelá. Que ninguén diga agora que non estuda galego porque os libros son caros, ou difíciles de entender porque os filólogos galegos non van ao práctico.

Esperemos que en futuras edicións esta gramática vaia enriquecendo aqueles apartados que nos parecen máis febles, coma o da fonética-fonoloxía, ou o da sintaxe, ou o agora inexistente de gramática do texto. Mesmo non viría mal que fixese máis fincapé sobre o uso de estruturas e formas que hoxe están a desaparecer na lingua dos máis novos: a distinción entre vogais abertas e pechadas, a correcta pronuncia das sinalefas vocálicas, o emprego do infinitivo conxugado, o uso de *connosco-convosco*, etc. Tamén sería de desexar que esta gramática contase cun corpus de exercicios, como apéndice final ou despois de cada tema, do xeito que fan algunhas gramáticas do castelán da mesma liña, coma a de Torrego, pois a práctica e os exercicios son compañeiros indispensables da teoría gramatical neste tipo de obras.

[mércao en Andel](#)